

Bardelás, entre a filosofía e a novela

Xosé Manuel Eyré. Título: As Médulas Autora: Silvia Bardelás Edita: Barbantesa

© 10.01.2011 | 10:27

Silvia Bardelás AS, MÉDULAS



Fragmento da capa de 'As Médulas'

Digamos, primeiro de nada, que ainda que non se pode imaxinar o relato dunha historia sen un proceso reflexivo previo e calquera narración é un convite á reflexión tanto sobre a historia como sobre a maneira de contala, discursos coma este de Silvia Bardelás, tan decididamente interfronteirizo entre a filosofía e propia novela, non adoitan ser os más frecuentes aínda que despois a propia historia da arte materializada en palabras nos depare exemplos como as *nivolas* unamunianas, o teatro do absurdo e, en fin, todas esas obras que se constitúen como testemuña operativa de procesos cognoscitivos, tales como a *Nada* de Carmen Laforet ou mesmo *Os dous de sempre* (as personaxes de *As*

Médulas non deixan de lembar continuamente o Pedriño de Castelao), sen esquecer, neste relatorio de ecos, outras manifestacións como as de certa Nova Narrativa Galega, pensamos, por exemplo, no *Cara a Times Square* de Camilo Gonsar.

A proposta é pois campo de ensaio tanto no eido narrativo como no filosófico, erixíndose nunha simbiose infrecuente que á sitúa estremendo nos lindes da marxinalidade respecto tanto do discurso novelesco como do propiamente filosófico. Até que punto dan de si as catro personaxes protagonistas, catro personaxes protagonistas atrapadas no bucle da inercia vital? Juan e Sara, xentes acomodadas, Juan é un intelectual, Sara traballa no sistema sanitario e pensa que a enfermidade non ten por que ser oposta á beleza. Flora e José, que se coñecen na emigración, Flora ou Cécile ou Suha, José, o obreiro tipo, o seu é traballar, traballar, traballar. Un acontecemento fortuito (Flora dille a José que pinte nunha pedra ofrecéndose como xardineiro) pon a Flora e José na vida dun Juan que a vida levou a unha casa perdida nun enclave rural, de nome moi simbólico, Voces; de nome moi simbólico en un discurso no que nada fica ao azar, onde detrás de todo hai que sospeitar que poida haber algo aínda que ese algo sexa a nada.

Non é, pois, novela de discurso compracente senón todo o contrario, esta procura que a partir de seres completamente alleados se lanza detrás dunha razón para vivir, para ser sendo conscientes do que se é. Nin é a proposta de Silvia Bardelás caprichoso antoloxo de laboratorio concibido para pasatempo autorial senón escachizado espello no que se pode recoñecer unha fotografía tipo da xente de hoxe en día. Unha fotografía parcial e fragmentaria, por suposto, na que as personaxes están dotadas de escasa ou nula conciencia política, tamén hai que dicilo.

Porén, deixaranse estas personaxes tan kafkianas novelar sen interferencia narratorial? O relato das súas experiencias vitais poderá ser chamado novela? Xa desde a óptica filosófica, o relato construído por estas personaxes servirá de campo de estudio do comportamento humano, libre, sen condicionante intermediaria dalgunha teoría de pensamento? Adiantámoslles, xa, que a de Silvia Bardelás non é novela de tese ao uso, a única prisión destas catro personaxes é a dunha vida que as conduciu a crer que vivir é moverse, e que, na súa lectura, poucas más cousas establecemos que, desalentadoramente, a actividade intelectual de pouco serve como vacina fronte á alienación vital. Poucas más conclusións se poden establecer que a de que é necesario tomar decisións e e que nesas decisións importa moito que esteán orientadas a facer algo polos demás, que son os únicos que poden probar que nós existimos.

Xa desde a perspectiva puramente literaria, o que se pode dicir é que, sobre todo respecto ao que habitualmente de entende como novela, as personaxes están certamente pexadas pola súa propia condición, unha condición que á súa vez é fruto da súa propia e particular historia, como calquera de nós. A novela non consiste tanto en reconstruir esa historia previa e que ese relato ilustre a necesidade de tomar decisións conducentes ao enriquecemento da personalidade, como en deixar as personaxes (que, de inicio, nada teñen que ver entre si) observar, facerse preguntas, interactuar, estrañarse. Precisamente, ese é o clima da novela, o estrañamento, e que este feito leva a que o relato esixa

pericia á hora de transitar entre a primeira persoa e a terceira así como habilitar forma de que non interfiran as diferentes voces. Para isto, o discurso aparece fraccionado en intervencións supranarratoriais, en maiúsculas, que serven para confirmar o avanzado e anunciar intencións que doutro xeito non serían doadamente percibíbeis, sendo, pois, un valioso aliado na lectura. Que aínda desexaríamos for maior, pois, instalado no eido do transcendente, axudaría a que o lector fixase mellor os aspectos relevantes de entre o mar de acontecementos que os envolve (malia seren todos moi inseridos na cotidianía, no vivir básico).

Cabe salientar tamén que, sendo as personaxes suxeitos de laboratorio, arquetipos humanos en laboratorio novelístico, perceptíbel en todo momento, coa carga de estrañamento que iso leva consigo, non perden capacidade empática, mais tampouco a gañan senón cando a novela xa vai ben avanzada e o lector vai tendo más claro o que significan as cousas para cada unha das personaxes ao ser máis consciente da súa pre-historia.

Eis, pois, unha porposta narrativa certamente arriscada, nas periferias de case todo, da novela e da filosofía. Absolutamente atípica, tanto no rexistro filosofal como no novelesco. Incómoda tamén por carecer o lector dunha perspectiva sobre o estado final ao que se conducen as personaxes. Dito isto desde o fondo proporcionado pola concepción tradicional de novela, á que non responde en absoluto mais que condicionará o lector deste campo de estudo nas marxes de todo.